



- O cura de Vigho é sastre e o de Marín mariñeiro?

O cura de Vigho é sastre,
o de Marín mariñeiro.

O cura de Vigho é sastre,
o de Marín mariñeiro.

O de Lérez carterista,
o de Noia zapateiro.

Por debaixo da ponte
víronte pasar.

As pernas, María,
viñas de lavar.

Viñas de lavar,
a cara tamén.

Por debaixo da ponte
da vía do tren.

- Aí perdinme, non sei onde vai o resto.
- Está ben.

Apaga o candil,
María chuschús.

Apaga o candil,
que fai moita lus,
que fai moita lus.

Apaga o candil,
María chuschús

Ai Josefina, ai Josefina.

Hai tres semanas
que non várrela cociña.

Ai Josefina, no puede ser
e polo tanto
non te quero por muller.

Ailalalal...

- Vale, está moi ben.

Ai Manueliño Manuel.

Ai Manueliño Manuel.



- Sabes esa? Non.

Cada vez que te emborrachas Manuel.
Siempre andas en busca miña Manuel.
Ai Manueliño, Manuel.

Ojalá te emborracharas Manuel.
A todas horas do día Manuel.
Ai Manueliño Manuel.
Ai Manueliño Manuel.

Beber, beber, beber é un gran placer.
El agua para bañarse
para la rana que nada bien.

- Esa xa a sabía. Non sabías?
- Non, non a sabía.
- Non? Pois esa é moi conocida.